

1.4. Agregados da renda

DESPOIS DA MODERACIÓN INFLACIONISTA REXISTRADA AO LONGO DO ANO 2006 E NOS PRIMEIROS OITO meses de 2007, tanto Galicia coma España experimentan un brusco cambio de tendencia rematando o ano con crecementos de prezos superiores ao 4%. Este forte repunte da inflación, medida pola taxa de variación interanual do Índice de Prezos ao Consumo, veu motivado polo encarecemento do petróleo e dalgúns alimentos básicos nos mercados internacionais.

As contas económicas de Galicia reflicten unha lixeira caída da participación dos asalariados na renda entre os anos 2000 e 2005. No ano 2000, o 45,8% da renda repartíase entre o 74,9% dos traballadores, en tanto que en 2005, o 44,5% da renda se distribúe entre o 80,4% dos asalariados.

O aumento salarial pactado en Galicia segue a medrar en 2007 por riba da media española: 4,9% e 4%, respectivamente. Por contra, o custo laboral por traballador e mes crece por baixo (3,7% e 4%), situándose o custo laboral medio en 1.964,9 euros, un 13,5% inferior á media estatal.

A análise do balance agregado e da conta de resultados das 15.315 empresas analizadas por Ardán reflicte un bo comportamento do conxunto das empresas galegas, cunha medra do seu resultado de actividades ordinarias do 19,1%, máis de tres puntos e medio por riba do experimentado en 2005.

Inflación

Nos últimos catro meses de 2007 a inflación galega, medida a través da taxa de variación interanual do índice xeral do Índice de Prezos ao Consumo (IPC), amosou un forte crecemento. Motivado en parte pola evolución dos prezos dos produtos alimenticios e os enerxéticos, o último ano rematou cun incremento do IPC do 4,1%, punto e medio superior á rexistrada no mesmo período do ano anterior. Comparado coa evolución dos prezos en España e no conxunto da zona euro, Galicia presenta unha taxa de variación

IPC xeral ⁽¹⁾ nas CC.AA. 2006-07: taxas de variación interanuais

	2006	2006	07/06
	(%)		(en puntos porcentuais)
Andalucía	2,9	4,2	1,3
Aragón	2,9	4,4	1,5
Asturias	2,4	4,1	1,7
Baleares	2,8	3,9	1,1
Canarias	2,0	4,3	2,3
Cantabria	2,7	4,4	1,7
Castela e León	2,7	4,5	1,8
Castela-A Mancha	2,6	4,5	1,9
Cataluña	2,8	4,3	1,5
C. Valenciana	2,6	4,3	1,7
Extremadura	2,4	4,2	1,8
Galicia	2,6	4,1	1,5
A Coruña	2,6	4,0	1,4
Lugo	2,5	4,0	1,5
Ourense	2,3	4,0	1,7
Pontevedra	2,8	4,2	1,4
Madrid	2,7	4,0	1,3
Murcia	2,5	4,7	2,2
Navarra	2,1	4,2	2,1
País Vasco	2,6	4,2	1,6
A Rioxa	3,1	3,9	0,8
Ceuta	2,4	3,0	0,6
Melilla	2,9	3,8	0,9
Total	2,7	4,2	1,5

(1) base 2006
Fonte: INE, Índice de Precios de Consumo

1.1.

1.4.1.

1.2.


1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

Evolución do IPC xeral en Galicia e España 2006-07



Fonte: INE, Índice de Precios de Consumo

1.4.2.

4.1.

4.2.

IPC galego e español 2006-07: distribución segundo grupos (1)

	2006		2007		07/06	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(%)				(en puntos porcentuais)	
Xeral	2,6	2,7	4,1	4,2	1,5	1,5
Alimentos e bebidas non alcohólicas	3,1	3,2	5,8	6,6	2,7	3,4
Bebidas alcohólicas e tabaco	1,5	1,4	6,4	6,1	4,9	4,7
Vestido e calzado	1,0	1,3	1,4	1,2	0,4	-0,1
Vivenda	4,7	4,9	5,5	4,8	0,8	-0,1
Menaxe	3,1	2,6	2,4	2,5	-0,7	-0,1
Medicina	1,9	1,7	-2,1	-2,1	-4,0	-3,8
Transporte	1,7	1,8	7,1	7,1	5,4	5,3
Comunicacións	-1,7	-1,5	0,8	0,8	2,5	2,3
Ocio e cultura	0,1	-0,6	-0,9	-0,8	-1,0	-0,2
Ensino	4,2	4,4	3,8	4,1	-0,4	-0,3
Hoteis, cafés e restaurantes	4,7	4,4	5,0	4,9	0,3	0,5
Outros bens e servizos	3,1	3,9	2,5	3,0	-0,6	-0,9

(1) taxas de variación anuais
Fonte: INE, Índice de Precios de Consumo

1.4.3.

IPC en Galicia e España 2006-07: distribución segundo produtos

	2006		2007		07/06	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
	(%)				(en puntos porcentuais)	
Leite	2,9	2,5	31,0	30,8	28,1	28,3
Pan	4,3	5,3	14,4	15,9	10,1	10,6
Produtos lácteos	1,0	0,4	10,0	11,0	9,0	10,6
Preparados de legumes e hortalizas	2,0	2,2	9,8	9,0	7,8	6,8
Café, cacao e infusións	4,3	4,7	5,7	8,5	1,4	3,8
Carne de ave	12,9	6,7	10,2	7,9	-2,7	1,2
Tabaco	1,1	1,2	7,0	7,2	5,9	6,0
Legumes e hortalizas frescas	-0,6	-0,3	7,6	6,6	8,2	6,9
Transporte persoal	1,7	1,6	6,5	6,4	4,8	4,8
Calefacción, alumeadado e distribución de auga	5,5	6,1	5,0	6,3	-0,5	0,2
Cereais e derivados	1,7	1,6	6,0	6,3	4,3	4,7
Reparación de calzado	6,4	10,1	5,9	5,8	-0,5	-4,3
Froitas frescas	0,5	-0,5	7,8	5,8	7,3	6,3
Bebidas alcohólicas	2,2	1,9	3,9	5,1	1,7	3,2
Conservación da vivenda	4,4	4,4	4,7	4,9	0,3	0,5
Educación universitaria	5,3	5,3	4,8	4,8	-0,5	-0,5
Outros preparados alimenticios	3,0	1,7	4,0	4,7	1,0	3,0
Turismo e hostalería	3,9	4,2	4,5	4,6	0,6	0,4
Carne de vacún	7,8	9,5	4,6	4,4	-3,2	-5,1
Transporte público interurbano	3,8	3,6	4,8	4,3	1,0	0,7
Educación infantil e primaria	4,4	5,6	3,9	4,2	-0,5	-1,4
Mobles e revestimentos de solo	3,5	4,7	3,8	4,2	0,3	-0,5
Vivenda en aluguer	4,5	2,2	4,2	4,2	-0,3	2,0
Educación secundaria	3,8	4,8	3,5	4,0	-0,3	-0,8
Auga mineral, refrescos e zumes	2,6	1,1	2,4	4,0	-0,2	2,9
Utensilios e ferramentas para o fogar	2,9	0,6	3,6	3,8	0,7	3,2
Transporte público urbano	5,3	5,6	3,8	3,6	-1,5	-2,0
Outros bens e servizos	6,0	4,8	3,7	3,5	-2,3	-1,3
Servizos para o fogar	4,7	5,9	3,9	3,1	-0,8	-2,8
Téxtiles e accesorios para o fogar	2,3	1,3	2,4	3,1	0,1	1,8
Servizos médicos e similares	4,2	3,9	4,2	3,0	0,0	-0,9
Calzado de muller	1,7	0,9	2,3	3,0	0,6	2,1
Outros gastos de ensino	3,5	1,7	3,2	2,7	-0,3	1,0
Artigos de uso persoal	3,2	2,5	3,1	2,5	-0,1	0,0
Calzado de home	1,4	1,0	1,4	2,5	0,0	1,5
Prendas de vestir de neno e bebé	1,2	0,4	0,0	2,3	-1,2	1,9
Outras carnes	2,9	2,9	3,3	2,2	0,4	-0,7
Sucre	-0,9	-2,8	2,4	2,2	3,3	5,0
Complementos e reparacións de prendas de vestir	2,2	1,9	2,0	2,0	-0,2	0,1
Publicacións	1,3	1,0	1,4	1,4	0,1	0,4
Froitas en conserva e froitos secos	1,3	0,9	1,9	1,1	0,6	0,2
Artigos non duradeiros para o fogar	2,0	2,4	1,7	0,9	-0,3	-1,5
Prendas de vestir de home	1,3	1,0	1,2	0,8	-0,1	-0,2
Prendas de vestir de muller	1,1	1,1	1,0	0,8	-0,1	-0,3
Comunicacións	-1,5	-1,7	0,8	0,8	2,3	2,5
Crustáceos, moluscos e preparados de pescado	2,4	1,4	2,7	0,5	0,3	-0,9
Esparcimento	3,0	3,1	3,4	0,1	0,4	-3,0
Carne de porcino	5,3	4,2	1,5	0,1	-3,8	-4,1
Calzado de neno	1,1	1,6	1,3	-0,2	0,2	-1,8
Electrodomésticos e reparacións	-0,4	0,1	-0,3	-0,4	0,1	-0,5
Carne de ovino	-15,1	-5,6	9,9	-0,5	25,0	5,1
Pescado fresco e conxelado	5,8	5,8	0,6	-2,7	-5,2	-8,5
Ovos	4,6	3,5	9,6	-3,8	5,0	-7,3
Obxectos recreativos	-4,4	-2,3	-6,5	-4,4	-2,1	-2,1
Medicamentos e material terapéutico	0,1	-0,4	-6,6	-6,3	-6,7	-5,9
Aceites e graxas	-2,3	-4,8	-9,0	-7,6	-6,7	-2,8
Patacas e os seus preparados	24,0	30,9	-4,8	-8,0	-28,8	-38,9
Índice xeral	2,7	2,6	4,2	4,1	1,5	1,5

Fonte: INE, Índice de Precios de Consumo

1.4.4.

**Índice de prezos industriais nas CC.AA. segundo destino económico 2007:
taxas de variación anuais**

	Índice xeral	Bens de consumo	Bens de consumo duradeiro	Bens de consumo non duradeiro	Bens de equipo	Bens intermedios	Enerxía
Andalucía	8,4	5,9	7,4	5,7	5,1	3,8	18,4
Aragón	5,6	4,7	2,1	6,1	2,4	9,3	4,4
Asturias	2,0	8,0	4,6	8,5	4,9	-1,7	4,5
Baleares	5,5	4,8	8,6	4,2	5,0	7,0	5,3
Canarias	11,7	3,0	0,0	3,1	18,5	9,2	19,2
Cantabria	5,7	8,7	14,4	6,9	1,8	4,8	3,7
Castela e León	6,6	6,0	1,5	6,4	1,4	11,3	3,7
Castela-A Mancha	7,4	2,5	1,3	2,5	3,4	6,0	12,5
Cataluña	4,5	3,6	2,6	3,7	2,0	5,4	7,8
C. Valenciana	6,0	3,2	4,3	3,0	3,1	6,2	10,7
Extremadura	7,8	9,8	2,2	10,4	0,6	12,3	5,5
Galicia	6,2	9,6	4,0	9,8	2,0	3,3	10,7
Madrid	3,1	3,5	3,7	3,5	3,1	2,6	2,6
Murcia	7,1	4,5	4,1	4,5	2,1	3,4	17,5
Navarra	4,5	4,9	0,6	6,0	3,6	5,4	2,9
País Vasco	6,1	5,9	3,9	7,1	2,1	2,9	18,0
A Rioxa	4,8	5,0	3,1	5,2	3,5	4,3	3,1
Total	5,9	4,8	3,2	5,1	2,9	4,9	11,6

(1) base 2000. Datos correspondentes á medra rexistrada en decembro respecto ao mesmo mes do ano anterior
Fonte: INE, Índice de Precios Industriais

1.4.5.

interanual moi similar á española (4,2%) e moi por riba da media europea, onde o IPC medrou un 2,1%.

1.1. Un ano máis, Pontevedra volve a ser a provincia galega coa taxa de variación interanual máis elevada, co 4,2%, dúas décimas máis que a rexistrada nas outras tres provincias galegas. Comparado co ano anterior, os diferenciais máis elevados rexistráronse nas provincias de Ourense e Lugo, onde o IPC é 1,7 e 1,5 puntos máis elevado.

1.2. A partir do mes de agosto, cando o incremento de prezos acadou o seu nivel máis baixo dos dous anos considerados, cun 1,8%, comezou a forte medra da inflación, que acadou o ano cun crecemento superior ao 4%. Como se aprecia no **cadro 1.4.2.**, ao longo de todo o ano 2007 a taxa de variación interanual da inflación en Galicia mantívose por baixo da media española.

1.3. O transporte comportouse coma o compoñente máis inflacionista en 2007, cunha medra superior ao 7% tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Na comunidade galega, séguelle en importancia o incremento dos produtos de bebidas alcohólicas e tabaco e os produtos alimenticios, cunhas taxas de variación interanual do 6,4% e do 5,8%, respectivamente (6,1% e 6,6% de media en España). Por contra, os menos inflacionistas foron as medicinas e o grupo de ocio e cultura, con niveis de inflación negativos tanto en Galicia como en España (2,1% no primeiro caso e case un punto no segundo). A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presentou en 2007 unha taxa de crecemento similar en Galicia e en España, cun 3,3% respecto ao ano anterior.

1.4. Atendendo á súa distribución segundo produtos, cómpre salientar que o leite e o pan son os que rexistraron os incrementos máis importantes, cunha taxa de variación interanual superior ao 30% no primeiro caso, e do 15,9% no segundo. Séguelle en importancia, **cadro 1.4.4.**, os produtos lácteos, cun 11%, os preparados de legumes e hortalizas, co 9%, e o café, cacao e infusións, cunha medra en Galicia do 8,5%.

1.5. No concernente a outros indicadores de prezos, o **cadro 1.4.5.** amosa que a taxa de variación interanual en decembro do índice xeral de prezos industriais (IPI) rexistrou en Galicia unha medra do 6,2% respecto ao ano 2006, sendo esta porcentaxe tres décimas superior á rexistrada no conxunto do Estado. Os maiores incrementos experimentáanse nos produtos enerxéticos e no de bens de consumo, cunha medra do 10,7% e 9,6%, respectivamente. O IPI correspondente aos bens intermedios medrou un 3,3% e o dos bens de equipamento, un 2%.

Asignación funcional da renda en Galicia 2000-05

	Remuneración dos asalariados		Excedente de explotación bruto /Renda mixta bruta	Impostos netos sobre produción e importacións	PIB a prezos de mercado	
	Soldos e salarios	Cotizacións sociais				
	(en millóns de €. Prezos correntes)					
2000	15.510,0	12.240,5	3.269,5	14.752,0	4.033,2	33.886,6
2001	16.581,5	12.983,0	3.598,5	16.138,2	4.287,8	36.504,8
2002	17.565,0	13.739,2	3.825,7	17.300,1	4.532,0	38.882,2
2003	18.765,3	14.685,4	4.079,9	18.381,5	4.962,6	41.555,1
2004	19.774,5	15.478,9	4.295,6	20.206,4	5.375,6	44.750,0
2005 (P)	21.397,7	16.681,5	4.716,1	21.464,9	5.915,7	48.243,4
	(%)					
2000	45,8	36,1	9,6	43,5	11,9	100
2001	45,4	35,6	9,9	44,2	11,7	100
2002	45,2	35,3	9,8	44,5	11,7	100
2003	45,2	35,3	9,8	44,2	11,9	100
2004	44,2	34,6	9,6	45,2	12,0	100
2005 (P)	44,4	34,6	9,8	44,5	12,3	100

Fonte: IGE, Contas Económicas. Base 2000.

1.4.6.

No sector primario, o índice xeral de prezos percibidos polos agricultores no conxunto do Estado medrou no último ano un 6%, mentres que os prezos pagados polos bens e servizos de uso corrente e polos bens de investimento, o fixeron nun 8% e 4,6%, respectivamente. O incremento do índice xeral de prezos percibidos polos agricultores ven motivado pola medra do 17,7% no caso dos produtos gandeiros como por un crecemento superior ao 9% no caso dos produtos vexetais e agrícolas, (o prezo percibido polos produtos forestais permanece practicamente constante no último ano).

Asignación funcional da renda

A participación da remuneración dos asalariados na renda descendeu no sexenio 2000-2005 en case un punto porcentual e medio, pasando do 45,8% do primeiro ano da serie aos 44,5% do último ano. Tendo en conta a desagregación entre soldos e salarios e cotizacións sociais, o **cadro 1.4.6.** amosa o descenso de 1,5 puntos porcentuais no caso dos soldos e salarios, manténdose practicamente constante a importancia relativa das cotizacións sociais no PIB a prezos de mercado. Pola contra, segundo reflicten os datos das Contas económicas de Galicia 1995-2006 (base 2000), a participación dos excedentes brutos de explotación/rendas mixtas acadou o 44,5% no derradeiro ano considerado, un punto porcentual por riba do acadado en 2000.

Comparando os dous últimos anos da serie, a remuneración de asalariados medrou por riba do que o fixeron os excedentes brutos de explotación/rendas mixtas e o PIB. Fronte á medra do 8,2% da remuneración salarial, catro décimas por riba do experimentado pola actividade produtiva galega e dous puntos porcentuais por riba dos beneficios empresariais.

Se se ten en conta que a importancia relativa da poboación asalariada no conxunto do emprego -medido en termos do número de postos de traballo equivalente a tempo completo- medra de xeito continuado dende o 74,9% de 2000 ata os 80,4% de 2005, os datos das Contas económicas indican unha lixeira caída da participación dos asalariados na renda. Se en 2000, o 74,9% dos traballadores repartíanse o 45,8% da renda, no último ano considerado, o 44,4% da renda se distribúe entre o 80,4% dos asalariados.

Custos e salarios

A diferenza do acontecido en 2006, o aumento salarial pactado en Galicia rexistrou unha medra do 4,9%, oito décimas por riba do incremento ano anterior. Atendendo á

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Aumento salarial pactado en Galicia e España 2004-07

	2004	2005	2006	2007
			(%)	
Galicia				
Total convenios	3,96	4,38	4,05	4,87
Convenios de empresa	3,34	3,97	3,38	3,75
Convenios doutro ámbito	4,06	4,44	4,14	5,04
España				
Total convenios	3,60	4,04	3,59	3,98
Convenios de empresa	3,14	3,61	3,15	3,47
Convenios doutro ámbito	3,65	4,09	3,64	4,04

(1) Incorporadas as revisións salariais por cláusulas de salvagarda
 Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos sociales

1.4.7.

desagregación segundo convenios de empresa e convenios doutro ámbito, o **cadro 1.4.7.** amosa que estes medraron un 3,8% e 5%, respectivamente. Ao igual que o acontecido en anos anteriores, Galicia presenta un aumento salarial pactado, tanto no caso dos convenios de empresa como no dos outros ámbitos, superior ao do conxunto do Estado.

O custo laboral por traballador e mes en Galicia experimentou en 2007 unha medra inferior á media estatal. Segundo reflicte o Índice de costes laborales (INE), tras o incremento do 3,7% respecto ao ano anterior (4% no conxunto do Estado), o custo laboral medio ascendeu a 1.964,92 euros (un 13,5% inferior á media estatal), o que volve a situar a Galicia coma a cuarta comunidade autónoma cos custos laborais máis baixos, tan só superada por Extremadura (1.860,98 euros por traballador e mes), Canarias (1.918,01 euros) e Murcia (1.934,49 euros).

A industria foi novamente, tanto en Galicia coma en España, o sector de actividade cos custos laborais máis elevados, cunha media de 2.197,00 euros en Galicia, o 84,7% da media estatal. Séguenlle a construción, cun custo laboral medio de 1.950,48 euros (o 86,8% do custo estatal) e os servizos, cun custo medio de 1.887,50 euros (o 86,1% do custo medio en España). O conxunto da actividade industrial galega presenta, ao igual que acontecera no ano anterior, incrementos do nivel do custo laboral por traballador e mes superiores aos rexistrados no conxunto do Estado (**cadro 1.4.8.**).

O importe das ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes segue situando a Galicia coma a terceira comunidade autónoma cos custos salariais ordinarios máis baixos. Tras unha medra do 4%, unha décima por baixo do experimentado en España, estas acadaron en 2007 os 1.249,91 euros (206,36 euros menos que a media no conxunto do Estado), por diante novamente de Extremadura (1.200,61 euros) e Murcia (1.237,11 euros).

A diferenza do acontecido no ano anterior, o número de horas efectivamente traballadas medrou lixeiramente en Galicia (acada as 136,5 horas en 2007), descendendo no conxunto do Estado ata as 135,5 horas. Os traballadores a tempo completo teñen en Galicia 147,5 horas efectivamente traballadas (146,3 horas de media en España), e os traballadores a tempo parcial, un total de 74,7 horas ao mes (76,5 horas no conxunto do Estado).

Do mesmo xeito que en anos anteriores, a construción é o sector de actividade con máis horas pactadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos. No caso dos traballadores a tempo completo, a construción é o sector que presenta un maior número de horas pactadas e efectivas, mentres que a industria o é no caso dos traballadores a tempo parcial.

Este incremento do número de horas efectivamente traballadas foi acompañado dunha medra do custo laboral por hora efectiva, que acada un valor monetario de 14,41 euros (16,81 euros de media en España). Este incremento prodúcese tanto no custo salarial como en "outros custos".

Custos laborais en Galicia e España 2006-07: distribución segundo sectores económicos e compoñentes do custo

2006

	Galicia			España				
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
Custo laboral por traballador e mes								
Custo total	1.895,27	2.111,48	1.892,53	1.818,29	2.183,59	2.510,21	2.139,92	2.102,18
Custo salarial total	1.378,20	1.544,66	1.303,21	1.336,03	1.613,67	1.851,94	1.493,26	1.572,76
Custo salarial ordinario	1.201,58	1.321,55	1.167,00	1.166,37	1.398,35	1.571,19	1.341,46	1.362,26
Custo por percepción non salariais	517,08	566,82	589,32	482,26	569,92	658,28	646,66	529,42
Custo por cotizacións obrigatorias	81,07	68,30	121,40	76,33	82,86	91,36	118,27	73,11
Subvencións e bonificacións da S. Social	454,90	520,06	486,55	423,94	506,56	590,39	543,91	475,53
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	13,95	14,91	12,93	13,84	16,08	17,89	14,53	15,92
Custo salarial total por hora	10,15	10,92	8,91	10,18	11,89	13,20	10,14	11,91
Custos salarial ordinario por hora	8,84	9,33	7,97	8,88	10,30	11,20	9,11	10,32
Outros custos por hora	3,80	4,00	4,02	3,66	4,19	4,69	4,39	4,01

2007

	Galicia			España				
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
Custo laboral por traballador e mes								
Custo total	1.964,92	2.197,00	1.950,48	1.887,50	2.271,88	2.593,35	2.247,22	2.191,76
Custo salarial total	1.436,47	1.625,04	1.340,82	1.392,84	1.676,70	1.907,07	1.585,25	1.638,65
Custo salarial ordinario	1.249,91	1.394,65	1.217,16	1.206,94	1.456,27	1.624,30	1.404,24	1.422,39
Custo por percepción non salariais	78,95	62,10	130,95	72,96	90,60	107,98	127,15	78,45
Custo por cotizacións obrigatorias	470,29	534,11	501,38	440,86	525,42	605,01	572,24	494,65
Subvencións e bonificacións da S. Social	20,79	24,27	22,66	19,16	20,84	26,70	17,42	19,99
Custo laboral por hora efectiva								
Custo total por hora	14,41	15,40	13,26	14,34	16,81	18,56	15,31	16,67
Custo salarial total por hora	10,54	11,40	9,12	10,59	12,41	13,65	10,67	12,46
Custos salarial ordinario por hora	9,16	9,78	8,26	9,17	10,78	11,63	9,56	10,82
Outros custos por hora	3,88	4,01	4,14	3,76	4,40	4,91	4,64	4,21

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de Costes Laborales

1.4.8.

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.**
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2006-07: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

2006

	Total sectores		Industria		Construción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	156,9	157,2	165,3	164,9	168,2	168,7	152,2	151,7
Traballadores a tempo completo	169,5	170,0	170,6	171,0	171,2	171,0	168,8	169,3
Traballadores a tempo parcial	86,2	80,6	83,8	88,4	85,8	81,2	86,4	79,5
Horas pagadas								
Total traballadores	157,6	157,9	166,5	166,4	168,6	169,0	152,9	152,2
Traballadores a tempo completo	170,4	170,7	171,9	172,7	171,5	171,3	169,6	169,7
Traballadores a tempo parcial	86,4	81,4	83,8	88,4	85,8	81,2	86,6	80,4
Horas efectivas								
Total traballadores	136,0	136,2	140,9	142,0	147,6	146,7	132,3	131,7
Traballadores a tempo completo	146,9	147,0	145,3	147,1	150,1	148,7	146,6	146,5
Traballadores a tempo parcial	75,6	71,7	73,5	78,2	76,8	71,9	75,7	70,7
Horas non traballadas								
Total traballadores	21,7	21,8	25,8	24,6	21,1	22,5	20,7	20,7
Traballadores a tempo completo	23,7	23,9	26,8	25,8	21,6	22,8	23,2	23,4
Traballadores a tempo parcial	10,9	9,8	10,5	10,2	9,0	9,2	11,0	9,7
Horas extras por traballador								
Total traballadores	0,8	0,8	1,4	1,7	0,4	0,4	0,8	0,6
Traballadores a tempo completo	0,9	0,8	1,5	1,8	0,4	0,4	0,9	0,5
Traballadores a tempo parcial	0,3	0,8	0,1	0,0	0,0	-	0,3	0,9

2007

	Total sectores		Industria		Construción		Servizos	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Horas pactadas								
Total traballadores	156,8	157,0	165,3	165,1	168,1	169,7	152,1	151,3
Traballadores a tempo completo	169,4	169,9	170,6	170,9	171,1	171,2	168,6	169,2
Traballadores a tempo parcial	87,6	83,6	83,7	96,8	84,9	88,5	88,0	81,7
Horas pagadas								
Total traballadores	157,4	157,7	166,3	166,6	168,4	170,1	152,8	151,7
Traballadores a tempo completo	170,1	170,6	171,8	172,5	171,4	171,6	169,3	169,5
Traballadores a tempo parcial	87,8	84,3	83,7	96,8	84,9	88,5	88,2	82,5
Horas efectivas								
Total traballadores	135,5	136,5	140,3	142,9	147,2	147,7	131,7	131,8
Traballadores a tempo completo	146,3	147,5	144,7	147,7	149,8	148,9	145,9	147,1
Traballadores a tempo parcial	76,5	74,2	73,9	86,7	75,2	78,9	76,7	72,4
Horas non traballadas								
Total traballadores	22,1	21,3	26,3	24,2	21,5	22,6	21,1	20,1
Traballadores a tempo completo	24,1	23,3	27,4	25,3	21,9	22,8	23,6	22,6
Traballadores a tempo parcial	11,4	10,2	9,9	10,3	9,8	9,6	11,6	10,2
Horas extras por traballador								
Total traballadores	0,8	0,8	1,3	1,8	0,5	0,5	0,7	0,5
Traballadores a tempo completo	0,9	0,8	1,3	2,0	0,5	0,6	0,8	0,4
Traballadores a tempo parcial	0,3	0,7	0,1	0,1	0,0	-	0,3	0,8

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de Costes Laborales

1.4.9.

A produtividade aparente do factor traballo, medida como o cociente entre o produto interior bruto (prezos correntes) e o emprego (fonte INE, Encuesta Población Activa), situouse en Galicia nos 45.246,41 euros por persoa ocupada en 2007, un 4,5% máis que no ano precedente. Se a media estatal é 100, o PIB (prezos correntes) por ocupado en Galicia acada un valor do 87,7%, situándose esta porcentaxe por baixo da media galega nos sectores primario e na industria: 78,1% e 85,9%. Ao igual que no ano 2006, o sector galego da construción presenta unha produtividade aparente do traballo superior á media española (104,5%).

Resultados empresariais

Un último elemento a ter en conta á hora de analizar os agregados da renda é o que fai referencia aos resultados económicos das empresas. A conta de resultados agregada das 15.315 empresas analizadas (facturan máis de 60.000 euros, presentan datos no trienio 2004-06 e teñen a súa sede social en Galicia) por Ardán reflicten que 2006 (último dato dispoñible) foi un bo ano para o conxunto das empresas galegas.

**Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2006-07:
distribución segundo sectores**

		2006		2007	
		Galicia	España	Galicia	España
Producción (prezos correntes)	(en miles de €)				
PIB prezos de mercado		50.410,020	980.954.000	53.994.799	1.049.848.000
VEB sector primario		2.286,260	25.114.000	2.377.749	27.342.000
VEB industria		9.042,558	159.194.000	9.710,563	169.645.000
VEB construción		6.086,559	106.361.000	6.572,679	115.181.000
VEB servizos		27.483,146	583.034.000	29.725,096	628.627.000
Emprego	(en miles de persoas)				
Total		1.164,3	19.747,7	1.193,4	20.356,0
Sector primario		110,9	944,3	103,1	925,5
Industria		214,0	3.292,1	217,4	3.261,8
Construción		139,0	2.542,9	147,3	2.697,4
Servizos		700,5	12.968,4	725,7	13.471,3
Produtividade aparente (p. correntes)	(en € por ocupado)				
Total		43.297,35	49.674,40	45.246,41	51.574,38
Sector primario		20.620,16	26.596,07	23.062,55	29.542,15
Industria		42.264,82	48.356,37	44.677,08	52.010,03
Construción		43.803,95	41.826,24	44.628,61	42.701,54
Servizos		39.233,61	44.958,14	40.963,41	46.664,08
Produtividade aparente (p. correntes)	(%)				
Total		87,2	100	87,7	100
Sector primario		77,5	100	78,1	100
Industria		87,4	100	85,9	100
Construción		104,7	100	104,5	100
Servizos		87,3	100	87,8	100

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Índice de costes laborales e Encuesta de Población Activa

1.4.10.

Actividade empresarial 2005-06: ingresos, custos e resultados

	2005		2006		Taxa variación 06/05 (%)
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
Ingresos de explotación	59.756,17	100	66.948,50	100	12,0
Consumos e outros gastos expl.	47.406,48	79,33	53.164,40	79,41	12,1
Valor engadido bruto custe factores	12.349,70	20,67	13.784,10	20,59	11,6
Gastos de persoal	7.390,36	12,37	8.108,10	12,11	9,7
Rtdo. económico bruto de explot.	4.959,34	8,30	5.676,01	8,48	14,5
Amortizacións e provisións	1.688,62	2,83	1.821,86	2,72	7,9
Rtdo. económico neto de explot.	3.270,72	5,47	3.854,14	5,76	17,8
Rtdo. Financeiro	23,91	0,04	69,83	0,10	192,0
Ingresos financeiros	813,70	1,36	1.008,05	1,51	23,9
Gastos financeiros	789,79	1,32	938,22	1,40	18,8
Rtdo. de actividades ordinarias	3.294,63	5,51	3.923,97	5,86	19,1
Rtdo. de actividades extraordinarias	331,00	0,55	88,54	0,13	-73,3
Rtdo. antes de impostos	3.625,63	6,07	4.012,51	5,99	10,7
Impostos	1.015,97	1,70	1.111,64	1,66	9,4
Rtdo. neto do exercicio	2.609,67	4,37	2.900,87	4,33	11,2
Cash-flow	4.142,60	6,93	4.578,70	6,84	10,5

Fonte: Ardán

1.4.11.

Actividade empresarial 2005-06: evolución do investimento e do financiamento

	2005		2006		Taxa variación 06/05 (%)
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	
INVESTIMENTO TOTAL	53.374,88	100	60.867,59	100	14,04
Investimento en fixo (neto)	21.499,69	40,28	24.113,66	39,62	12,16
Gastos amortizables	368,30	0,69	418,06	0,69	13,51
Inmobiliado inmaterial	1.648,49	3,09	1.812,88	2,98	9,97
Inmobiliado material	13.408,68	25,12	14.712,65	24,17	9,72
Outro inmobiliado	6.062,66	11,36	7.157,71	11,76	18,06
Outro activo fixo	11,56	0,02	12,36	0,02	6,93
Investimento en circulante (neto)	31.875,19	59,72	36.753,94	60,38	15,31
Existencias	11.390,15	21,34	13.748,91	22,59	20,71
Deudores	15.185,26	28,45	17.231,91	28,31	13,48
Tesorería	2.199,03	4,12	2.245,05	3,69	2,09
Outro activo circulante	3.100,74	5,81	3.528,07	5,80	13,78
FONTES DE FINANCIAMENTO	53.374,88	100	60.867,59	100	14,04
Financiamento permanente	27.277,45	51,11	30.662,34	50,38	12,41
Fondos propios	16.271,16	30,48	18.032,99	29,63	10,83
Financiamento alleo a longo prazo	9.932,15	18,61	11.455,63	18,82	15,34
Ingresos distribuír varios exercicios	1.074,14	2,01	1.173,72	1,93	9,27
Financiamento alleo a curto prazo	26.097,43	48,89	30.205,26	49,62	15,74
FONDO DE ROTACIÓN	5777,76	10,82	6548,68	10,76	13,34

Fonte: Ardán

1.4.12.

No ano 2006 rexistrouse unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos de explotación e do valor engadido bruto a custo dos factores, con medras do 12% e 11,6%, respectivamente. As empresas viron como en 2006 os seus resultados de actividades ordinarias creceron, **cadro 1.4.11.**, un 19,1%, máis de tres puntos e medio por riba do rexistrado en 2005. No último ano, os gastos de persoal experimentaron unha medra do 9,7%, dúas décimas máis que en 2005.

O balance agregado das empresas estudadas indica o mantemento do ritmo investidor, cunha taxa de crecemento do 14%. No último ano analizado ralentizouse a medra do investimento do activo fixo, que se situou no 12,2%, sendo esta taxa do 9,7% no caso do inmovilizado material e do 10% no do inmovilizado inmaterial. Neste último caso, cómpre salientar que continúa a tendencia da lixeira redución do seu peso ao longo dos tres anos analizados por Ardán.

No concernente ás fontes de financiamento, mantense o peso relativo do financiamento a longo prazo respecto ao total, descendendo o financiamento propio en relación ao total. No ano 2006, o 29,6% do investimento financiouse con recursos propios e o 70,4% restante, con recursos alleos. Dentro destes últimos, destaca a importancia dos recursos alleos a curto prazo, que representan o 49,6% do investimento total. ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.